ACTA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 15.12.2025

Nas dependencias da Federación Galega de Baloncesto en Santiago, reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 15.12.25 baixo a Presidencia de D. Julio Bernárdez Álvarez e actuando como Secretario D. Miguel González López-Mosquera; coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Aprobación Acta Anterior coas modificacións solicitadas polo asembléistas C.B. Golfiños de Sada.

2º.- Reconto dos membros presentes.

3º.- Aprobación do Orzamento 2026

4º.- Modificacións o Regulamento Xeral.

5º.- Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.00 horas. Agradece a todos os presentes a súa participación, e pasa ao primeiro punto na orde do día.

1. Aprobación Acta Anterior coas modificacións solicitadas polo asembleistas C.B. Golfiños de Sada.

Apróbase a mesma por unanidade.

2. Reconto dos membros asistentes:

O Secretario toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 12 asembleístas. Informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

3. Aprobación do Orzamento 2026.

Toma a palabra o Tesoureiro e indica que todos teñen no seu poder o Orzamento 2026. A continuación explica detalladamente o contido do orzamento.

Apróbase por unanimidade

4. Modificacións o Regulamento Xeral.

Como non hai ningunha enmenda ás modificacións propostas están aprobadas. Quedando a redacción do mesmo da seguinte maneira:

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
N 1583-25
Fecha 29/12/2025
Dpto. SECRETARIA

"Art. 193.- Todo membro da Asemblea poderá presentar emendas aos relatorios que sexan sometidos á consideración do órgano correspondente.

Cada emenda deberá ir acompañada dunha exposición sucinta de motivos e, no seu caso, do texto alternativo proposto.

Para a súa válida presentación, toda emenda deberá vir avalada, polo menos, polo dez por cento (10 %) dos membros da Asemblea Xeral con dereito a voto.

Ningún asembleísta poderá presentar máis dunha emenda referida ao mesmo artigo do Regulamento Xeral con distintas alternativas de redacción ou contido. En caso de presentarse varias emendas polo mesmo asembleísta sobre un mesmo artigo, só considerarase válida a primeira rexistrada en prazo.

Non se admitirán emendas que non cumpran cos requisitos de forma, aval ou unicidade establecidos no presente artigo.

A Secretaría Xeral verificará o cumprimento dos requisitos e comunicará aos proponentes a admisión ou inadmisión das emendas antes do inicio do debate.

As emendas deberán ser recibidas na Federación Galega de Baloncesto con quince días de antelación á realización da sesión correspondente, salvo que o texto obxecto de emenda sexa enviado con menos de trinta días de antelación á sesión, en cuxo caso o prazo de presentación das emendas reducirase proporcionalmente. Nestes supostos, ao facer o envío do relatorio especificarase o prazo da emenda. O presidente, tras escoitar a Comisión Delegada, poderá admitir con carácter excepcional emendas presentadas fóra de prazo."

Sobre o artigo 193 debátese se o 10% da asemblea é un número demasiado alto de asembleístas. O presidente indica que xa non se pode modificar pero que si os presentes entenden que debe ser un número inferior de asembleístas que non hai ningún problema, que se presente unha enmenda é contará co apoio da FGB.
Varios dos presentes solicitan que para facilitar a comunicación entre asembleístas se remita un mail a todos eles dende a FGB para que den autorización para a cesión aos mesmos das súa dirección de correo electrónico.

4º.- Rogos e Preguntas

O Presidente toma a palabra e informa sobre os seguinte:

Dende o 16 de xuño ata o 15 de dicembro, percorrimos un camino marcado pola actividade sostida, o crecemento, a cohesión social e o reforzamento deportivo en todos os nosos ámbitos de acción.

Foi un tempo na que a pasión e o traballo texeron unha red máis forte e sólida para noso deporte.

Nas competicións autonómicas, traballamos con ahínco para consolidar as nosas ligas en todas as categorías, as suxerencias dos clubes asentándose definitivamente e xestionamos con rigor os prazos de inscripción e as normativas, co firme propósito de garantir a transparencia e a equidade no acceso as competicións oficiais.

A xustiza e a igualdade son as nosas brúxulas en cada decisión.

As Copas Galicia foron de novo o gran evento da pretempada, un referente que une a todos os clubes en torno a lusión e a ambición de competir con dignidade e espíritu deportivo. Estamos orgullosos dos éxitos conseguidos na copa masculina celebrada no Coliseum da Coruña cun éxito de público espectacular nun escenario insuperable. A copa feminina, celebrada en Narón foi unha festa do noso baloncesto feminino, a

aparición na fase final de Maristas Coruña foi unha bocanada de aire fresco, fundamental para demostrar a todas nosas xogadoras, que esta competición non só é para as superestrelas, se non que calquer xogadora, con traballo y dedicación, está cerca desta festa.

A final da copa de categoría terceira feb foi todo un acontecimiento celebrado en Vilagarcia, cun pabellón repleto e con un nivel de xoo fabuloso.

Os equipos de base disfrutaron desta competición estival, sendo un éxito de organización en todas as categorías.

No ámbito da formación, o Comité Galego de Árbitros e a Escola Galega de Adestradores reafirmaron os seus programas habituais, impulsando actividades en diversas modalidades e localidades. Seguimos apostando pola excelencia, a profesionalidade e o crecimento continuo de árbitros e adestradores, conscientes de que son a columna vertebral do noso deporte.

Este ano celebra a Escola Galega de Árbitros o seu décimo aniversario, un fito que reflexa o compromiso e a vocación de servicio.

Próximamente comenza o Curso de Nivel 2 para adestradores, un novo reto que abrirá portas a formación de novas xeracións.

Adquirimos para próximas datas, o compromiso da formación e da defensa a ultranza dos nosos técnicos, sen dúbida un dos colectivos máis desfavorecidos do noso amado deporte. Comenzaremos accións para a defensa dos seus dereitos e para que ocupen o lugar que lles corresponde dentro da estructura deportiva. A sociedade non pode pagarles só con cariño e gratitude, as súas condicións laborais teñen que ser revisadas para que alcancen a dignidade que merecen. Nunca debemos olvidar que marcan o carácter e os valores das xeracións futuras.

A consecución da rebaixa do 100% das continxencias comúns dos seus contratos foi un paso importante, pero non é suficiente.

As nosas seleccións autonómicas —infantil, cadete, minibasket e 3x3 definiron a súa programación de traballo para a temporada 2025-26, permitíndonos planificar con tempo, a formación e competición dos nosos xogadores e xogadoras nons campionatos nacionais. “MELLORANDO XUNTOS” supón un enfoque anticipado que fortalece a preparación deportiva e afianza o noso obxetivo de consolidar o talento galego no contexto estatal. O aumento das concentracións, sin duda dará un plus os nosos equipos.

O horizonte cercano, o campionato de España de Seleccións Infantis e Cadetes será una cita clave. E na memoria, o extraordinario papel das seleccións 3x3 en xunio, un fito histórico para o noso baloncesto.

A nosa aposta polo baloncesto 3x3 é firme. FEGABA promoveu e participou activamente en circuitos propios e en colaboración con institucións, acercando a práctica deportiva a miles de personas e reforzando o carácter social do baloncesto.

Proxectos como NORTEO, e o tutorial 3x3 orientado as escolas e profesores, reforzan a nosa vocación de inclusión e de extensión do deporte más alá da pista.

O ámbito da cultura e a comunidade, intensificamos nosas campañas institucionais, con obxetivos craros: sociais e deportivos. A xornada "Elas seguen na cancha", celebrada recientemente na Estrada, foi un exemplo de impulso e continuidade da participación feminina no baloncesto.

Tamén profundizamos nos nosos proxectos Erasmus Sports, O prollecto «REBOUND» ten como obxetivo integrar principios de economía circular nos clubes de baloncesto para promover prácticas sostibles. O proxecto "BASKET BRIDGES" busca a integración da población inmigrante a través do baloncesto. Estas iniciativas nos permiten dar pasos más alá do deporte, promovendo a integración e a inclusión.

O código ético e o comenzo do programa "Deixa Xogar" da UFEDEGA, no que tivemos unha participación fundamental, son hitos na consolidación de valores e da protección da infancia no deporte.

O largo destes meses, vimos traballando cun propósito craro: desensrolar un baloncesto galego máis inclusivo, competitivo e cohesionado. Seguiremos consolidando estructuras formativas e competitivas estables para todos os niveis, reflexando valores de respeto, compromiso e participación comunitaria, integrando o deporte no texido social de Galicia. Porque o baloncesto non é só un xogo, é un lazo que une, unha pasión que transforma e un proxecto común que nos une a todos.

Seguidamente o Presidente dalle a palabra a D. Jaime Alvarez-Ossorio que explica a todos os asistentes as bases do que necesitan dos adestradores que se adhiran a enquisa que comenzará no mes de xaneiro.

Non existindo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.20 hrs. do día da data, da que eu, como Secretario, dou fe.

VºPº

O PRESIDENTE

Firmado por ***2975** JULIO CESAR BERNARDEZ (R: ****1530*) el día 29/12/2025 con un certificado emitido

Firmado por GONZALEZ LOPEZ MOSQUERA MIGUEL - ***1902** el día 29/12/2025 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Relación de Asembleístas Presentes

Luis Gil Penín (A.B. Xinzo)

Teresa Cano Pan (A.D.F.R.O)

Leire Barros Quintas (C.B. Allariz)

Javier Leis Uriz (C.B. Galdea)

Miguel Couselo del Río (C.B. Culleredo)

Yago Casal Mera (C.B. Novobasquet)

Lucía M. Rodríguez Rodríguez (C.B. Val de Lemos)

Primitivo Reguera Rodríguez (E.B. Xiria)

Enrique Dopico López (Porriño Bto. Base)

Jaime Alvarez-Osoorio Varela

David Seoane Brocos

Antonio Rodríguez Vila

Convidados

Ramón Lago Alvarez

José M. Villamarín Couto

Alejandro Alcalde Varela

Darío Martínez Méndez

Daniel López Illán

Adrián Alvarez Rodríguez

Dolores Alvarez Varela

Susana Fernández Fiuza